

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE MARZO DE 2020**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA	11
5.1.	Temperatura media das máximas.	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2020.	17
6	PRECIPITACIÓN	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual marzo 2020	18
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	19
6.3.	Días de chuvia en marzo de 2020	20
6.4.	Evolución da precipitación en marzo de 2020.	22
7	VENTO	23
8	RADIACIÓN SOLAR	28
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual	28
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.	29
9	RAIOS	30

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 08/04/2020



Mes húmido e lixeiramente cálido debido ás temperaturas mínimas.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
≤ mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
≥ máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
≤ mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
≥ máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

Este mes caracterizouse en xeral pola variabilidade e a diversidade de situacións, aínda que poderíamos dicir que comezamos e rematamos con situación bastante invernal, pero tivemos no medio un par de semanas con máis estabilidade atmosférica e temperaturas suaves.

Así, o mes comezaba xa no primeiro día coa chegada da borrasca Karine, que deixaba un importante temporal de vento e chuvia na noite do día 1 e na madrugada do 2. Ademais arrastraba aire frío, polo que as precipitacións o día 2 foron en forma de neve nas zonas de montaña.

Nos días 3 e 4 tivemos situacións algo máis tranquilas, aínda que persistiu a inestabilidade e polo tanto, seguiron rexistrándose chuvias aínda que con temperaturas máis suaves.

O día 5 un novo sistema frontal atravesaba Galicia deixando importantes chuvias pola mañá e arrastrando aire frío. Isto fixo que o resto desa xornada e o día 6 quedaran caracterizados por tempo cambiante, con chuvascos intermitentes, neve nas zonas de montaña e temperaturas en descenso.

O día 7 foi a primeira xornada anticiclónica do mes, polo que o día foi seco, aínda que con néboas e nubes baixas a primeira hora. As baixas presións volvían o día 8, pero soamente de xeito transitorio, xa que o período entre o 9 e o 14 quedou caracterizado polas altas presións, con tempo seco e contraste de temperatura entre a zona oeste e a leste ao principio do período.

Os días 9, 10 e 11 os ventos continuaron a soprar do suroeste e iso deixou máis nubes e menos temperatura nas comarcas atlánticas. A situación cambiou a partir do 12, con vento do norte, polo que o contraste de temperatura foi norte-sur entre o 12 e o 14.

Os días 15 e 16 unha zona de aire frío en altura pasou sobre Galicia, deixando chuvascos, baixada de temperatura e neve por riba dos 800 metros. Esa DANA desprazouse o 17 ao sur da península, quedando sobre Galicia as altas presións.



O 18 e 19 rexistramos a chegada de aire procedente do norte de África, con po sahariano, pero o mesmo 19 entraba aire algo máis frío en altura, provocando a aparición de fenómenos tormentosos no interior, situación que se repetiu nas xornadas do 20, 21 e 22.

A semana entre o 23 e o 28 foi anticiclónica, con tempo tranquilo, aínda que con tendencia ao descenso das temperaturas, principalmente as mínimas.

A partir do 29 comezamos unha situación bastante anómala, con presións moi altas ao oeste de Irlanda e unha baixa entre as Azores e a península Ibérica. Isto fixo que o vento do nordés incrementase notablemente a súa intensidade, achegando aire frío procedente do continente que provocou un importante descenso térmico nas dúas derradeiras xornadas do mes. Ademais o día 31 tivemos algunhas precipitacións e a cota de neve descendeu ata quedar nalgúns puntos por debaixo dos 600 metros.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

No mapa de anomalías de presión en superficie (Figura 1) apréciase o bloqueo do Anticiclón dos Azores situado ao oeste da Península, impedindo o paso das borrascas que están situadas ao norte. Sen embargo, como se reflexa na Figura 2, esta área anticiclónica perde intensidade en altura. Isto contribúe a que Galicia non se vexa sometida a unha influencia clara de ningún centro de presións, o que ocasionou unha gran variabilidade este mes, alternando semanas estables que deixaron temperaturas suaves e mínimas máis cálidas do normal, con outras situacións invernaís que levaron asociado o paso dalgunha borrasca profunda.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Marzo-2020.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Marzo-2020.



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



A CORUÑA

	MARZO 2020 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	12.6/12.4	12.3	15.0 (1997)	9.2 (1971)
Tª mínima media	10.1/9.8	9.2	11.2 (1997)	6.3 (1971)
Tª mínima absoluta	5.8/5.6 (día 31)	0.6 (01/03/1993)		
Tª mínima máis alta	14.4/14.2(día 4)	17.0 (10/03/1981)		
Tª máxima media	15.0/15.1	15.4	19.4 (1997)	12.0 (1971)
Tª máxima absoluta	18.9/19.3 (día 4/28)	28.2 (29/03/1965)		
Tª máxima máis baixa	10.8/10.2 (día 30)	6.4 (07/03/1971)		
Precipitación acumulada	98	50-80	262 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	10	12	26 (2001)	0 (1997)

Comentario: Mes cálido para as temperaturas mínimas e lixeiramente frío para as máximas. En canto ás medias o mes resultou normal.

A chuvia acumulada foi superior ao rango de valores normais, cualificándose o mes como húmido pese a que o número de días de chuvia foi menor do valor climático normal.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2020. Temperatura: 1948-2020

SANTIAGO

	MARZO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	11.1	11.3	14.7 (1997)	8.4 (2018)
Tª mínima media	7.0	6.5	9.1 (2001)	4.1 (1984)
Tª mínima absoluta	2.6 (día 31)	-4.2 (02/03/2005)		
Tª mínima máis alta	12.5 (día 4)	13.8 (26/03/2006)		
Tª máxima media	15.3	16	22.1 (1997)	11.6 (2018)
Tª máxima absoluta	22.7 (día 18)	28.6 (24/03/2002)		
Tª máxima máis baixa	9.1 (día 31)	5.6 (01/03/1993)		
Precipitación acumulada	151	96-151	637 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	11	13	29 (2001)	0 (1997)

Comentario: Mes cálido tendo en conta as temperaturas mínimas. As máximas e medias deste mes resultaron normais.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais, rozando o límite de lixeiramente húmido pese a que o número de días de chuvia é inferior ao esperado.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2020. Temperatura: 1982-2020



LUGO

	MARZO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	10.3	9.5	12.6 (1997)	6.1 (1984)
Tª mínima media	4.7	4.0	6.9 (2001)	1.8 (1984)
Tª mínima absoluta	-0.95 (día 28)	-8.4 (02/03/2005)		
Tª mínima máis alta	11.4 (día 4)	16.0 (02/03/2005)		
Tª máxima media	15.9	14.9	21.9 (1997)	9.5 (1970)
Tª máxima absoluta	22.9 (día 19)	27.7 (23/03/2002)		
Tª máxima máis baixa	9.2 (día 30)	4.0 (01/03/1993)		
Precipitación acumulada	130	45-81	305 (2018)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	11	11	26 (2001)	0 (1997)

Comentario: O mes cualifícase coma cálido tendo en conta as temperaturas. Tanto as medias, como as máximas e as mínimas foron superiores ao valor normal.

A precipitación rexistrada estivo por riba do rango de valores normais, resultando un mes moi húmido, pero o número de días de chuvia foi acorde ao agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1981-2020. Temperatura: 1981-2020

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	MARZO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	12.4	12.0	14.5 (1997)	8.9 (1970)
Tª mínima media	7.6	6.6	9.3 (2001)	3.4 (1970)
Tª mínima absoluta	3.0 (día 31)	-3.5 (02/03/2005)		
Tª mínima máis alta	14.2 (día 4)	15.0 (31/03/1965)		
Tª máxima media	17.2	17.4	22.6 (1997)	13.6 (1975)
Tª máxima absoluta	23.9 (día 18)	28.9 (23/03/2002)		
Tª máxima máis baixa	11.1 (día 31)	8.6 (19/03/1980)		
Precipitación acumulada	124	87-131	571 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	11	12	29 (2001)	0 (1997)

Comentario: Mes normal tendo en conta as temperaturas medias e máximas. As mínimas, sen embargo, foron moi cálidas.

A chuvia rexistrada está dentro do rango de valores normais e o número de días de chuvia tamén concorda co valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1958-2020. Temperatura: 1958-2020

**OURENSE**

	MARZO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
T ^a media	12.3	11.9	14.8 (1997)	8.5 (1984)
T ^a mínima media	5.8	5.0	9.3 (2001)	1.0 (1973)
T ^a mínima absoluta	0.4 (día 27)	-6.8 (02/03/2005)		
T ^a mínima máis alta	14.0 (día 4)	15.0 (10/03/1981)		
T ^a máxima media	18.9	18.7	25.4 (1997)	13.6 (1975)
T ^a máxima absoluta	25.7 (día 18)	30.6 (23/03/2002)		
T ^a máxima máis baixa	8.0 (día 31)	5.6 (13/03/1984)		
Precipitación acumulada	98	38-50	298 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	10	9	26 (2001)	0 (1997)

Comentario: Mes cálido para a temperatura mínima. As medias e máximas tamén foron algo superiores aos valores normais, podendo designarse ambas como lixeiramente cálidas.

A chuvia rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, polo que o mes se cualifica como moi húmido, cun número de días de chuvia próximo ao agardado.

** Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2020. Temperatura: 1972-2020*



5 TEMPERATURA

As temperaturas medias estiveron en xeral preto do normal nun mes de marzo, tanto nos valores mínimos como nos máximos, aínda que o mes destaca pola súa gran variabilidade, con valores baixos ao principio e ao final e episodios de calor nas semanas intermedias.

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de marzo de 2020.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de marzo para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 14.6 °C. Os valores máis altos rexistráronse principalmente na zona



do Ribeiro, onde superaron os 19 °C. Por outra banda, os valores máis baixos déronse en Manzaneda e Pena Trevinca, con valores de temperatura máxima media en torno aos 7 °C.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de marzo para o territorio galego foi de 5 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados na comarca da Limia e no Macizo de Manzaneda onde as temperaturas chegaron aos 0 °C de media. Os valores máis altos déronse no litoral, principalmente das provincias de A Coruña e Pontevedra, onde en varias localidades se acadaron os 10 °C de temperatura mínima media.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de marzo de 2020.

5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de marzo, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de +0.4 °C. Os valores máis altos de anomalía de temperatura media déronse en Lugo, con valores de +1.3 °C. As anomalías máis baixas rexistráronse na costa oeste de A Coruña, en comarcas como Fisterra, Muros ou Carnota, con valores negativos de -0.5 °C.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de marzo de 2020 respecto ao período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse na provincia de Lugo, principalmente no centro da provincia, con valores maiores a +1 °C. As anomalías máis baixas neste mes déronse en puntos litorais, maioritariamente na zona da Costa da Morte (Táboa 2).

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Lugo	Lugo	1,3
Bóveda	Lugo	1,3
Páramo (O)	Lugo	1,2
Sarria	Lugo	1,2
Corgo (O)	Lugo	1,1
Guntín	Lugo	1,1
Carballiño (O)	Ourense	1,1
Carballo	A Coruña	1,1
San Amaro	Ourense	1,1
Paradela	Lugo	1,1

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de marzo de 2020.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Carnota	A Coruña	-0,6
Fisterra	A Coruña	-0,5
Muros	A Coruña	-0,5
Corcubión	A Coruña	-0,5
Cuntis	Pontevedra	-0,4
Pontecesures	Pontevedra	-0,4
Caldas de Reis	Pontevedra	-0,3
Cee	A Coruña	-0,3
Valga	Pontevedra	-0,3
Padrón	A Coruña	-0,3

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de marzo de 2020.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas en Galicia no mes de marzo de 2020 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. En altitudes altas destaca o día 11, xornada marcada polas altas presións. Por debaixo dos 1000 m de altitude salienta o día 18, cando a chegada de aire procedente do norte de África deixou temperaturas superiores aos 25 °C, maioritariamente na provincia de Ourense.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de marzo de 2020				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
11/03/2020	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	26,8
18/03/2020	O Viso	REDONDELA	Pontevedra	26,6
18/03/2020	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	26,6
18/03/2020	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	26,3
18/03/2020	Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	26,2
18/03/2020	Cespón	BOIRO	A Coruña	25,9
18/03/2020	Ourense	OURENSE	Ourense	25,7
11/03/2020	A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	25,7
11/03/2020	Verín-Vilamaior	VERÍN	Ourense	25,6
11/03/2020	Míllara	PANTÓN	Lugo	25,6

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de marzo de 2020 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de marzo de 2020				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
11/03/2020	A Mezquita	A MEZQUITA	Ourense	21,0
11/03/2020	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	20,7
11/03/2020	Corzos	A VEIGA	Ourense	20,6
11/03/2020	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	20,6
11/03/2020	Serra do Eixe	A VEIGA	Ourense	20,1
11/03/2020	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	19,5
11/03/2020	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	19,2
11/03/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	18,6
11/03/2020	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	17,9
11/03/2020	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	16,7

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de marzo de 2020 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de marzo de 2020 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. En altitudes altas salientan os dous últimos días do mes, cando o vento do nordés achegou aire frío do continente que provocou un forte descenso térmico. En estacións por enriba dos 1000 m foron varias as xornadas nas que as mínimas acadaron tamén valores por debaixo de 0 °C.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de marzo de 2020				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
30/03/2020	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-8,4
30/03/2020	Xares	A VEIGA	Ourense	-7,4
31/03/2020	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-7,0
31/03/2020	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-6,0
31/03/2020	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-5,9
30/03/2020	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-5,8
31/03/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	-5,6
30/03/2020	Serra do Eixe	A VEIGA	Ourense	-4,7
27/03/2020	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-3,9
31/03/2020	Xurés	MUIÑOS	Ourense	-3,2

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de marzo de 2020 altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de marzo de 2020				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
15/03/2020	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-7,3
15/03/2020	Baltar	BALTAR	Ourense	-5,6
26/03/2020	Lanzós	VILALBA	Lugo	-3,7
31/03/2020	Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	-3,3
31/03/2020	Serra do Faro	RODEIRO	Pontevedra	-3,0
15/03/2020	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-2,9
15/03/2020	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-2,9
27/03/2020	Morelle	SARRIA	Lugo	-2,8
27/03/2020	Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	-2,8
27/03/2020	Monforte-CFEA	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	-2,6

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de marzo de 2020 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2020.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2020 para esta serie foi 11.15 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2020 para marzo.

A anomalía media da temperatura para este mes de marzo en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +0.32 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como lixeiramente cálido. Este comportamento é semellante ao de marzo do ano pasado, tal e como se aprecia na Figura 7. Isto debeuse principalmente ás temperaturas mínimas deste mes, que resultaron cálidas (anomalía de +0.63 °C), xa que as máximas se mantiveron dentro do rango normal (anomalía de +0.02 °C).





Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en marzo, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións amosan unha certa tendencia a superar o valor normal dun mes de marzo. Isto é principalmente debido ás chuvias rexistradas na primeira semana, na que as borrascas foron moi activas e deixaron cantidades significativas de precipitación.

Segundo os valores do mapa, a precipitación media acumulada é de 147 L/m². Os valores máis altos acadáronse na provincia de Pontevedra e rexións do norte de Lugo como Labrada, con valores que superaron os 250 L/m². Os valores máis baixos déronse en comarcas ourensás do nordés como Larouco ou Xares, así como en zonas litorais das Rías Baixas, con valores próximos ou inferiores aos 70 L/m².

6.1. Precipitación acumulada mensual marzo 2020.



Chuvia/lluvia - 03/2020

www.meteogalicia.es

Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de marzo de 2020.

6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pode verse a porcentaxe de precipitación no mes de marzo con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 26 % superior ao período de referencia 1981-2010. Esta porcentaxe está repartida de forma moi heteroxénea, destaca a Terra Chá de Lugo, onde choveu o dobre do esperado para un mes de marzo. Pola contra, en zonas da Costa da Morte ou da Ría de Vigo choveu a metade do normal.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de marzo de 2020.

6.3. Días de chuva en marzo de 2020

O número medio de días de chuva (maior ou igual a 1 L/m^2) foi de 11. Os valores máis altos de número de días de chuva déronse no Norte da Comunidade, maioritariamente na provincia de Lugo, onde se acadaron valores de máis de 15 días de chuva. Os días de chuva máis baixos déronse principalmente no nordés de Ourense, con valores próximos aos 8 días de chuva.




Figura 10: Días de chuva superior a 1 L/m^2 durante o mes de marzo de 2020.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de marzo. Pódese observar que os rexistros de precipitación acumulada superaron os 200 L/m² en puntos das catro provincias, destacando Pontevedra e o norte de Lugo. Na táboa 8 sobresaie o día 1 do mes, cando se rexistraron as precipitacións máximas en 24 horas en moitas rexións da Comunidade debido á borrasca *Karine*, que deixou un importante temporal de vento e chuvia ao seu paso.

Precipitacións acumuladas máximas en marzo de 2020			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Labrada	ABADÍN	Lugo	275
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	265
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	251
A Capela	A CAPELA	A Coruña	250
Muralla	LOUSAME	A Coruña	249
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	235
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	234
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	225
Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	219
Castrove	POIO	Pontevedra	215

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de marzo de 2020.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Amiudal	AVIÓN	Ourense	83	01/03/2020 14:40
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	79	01/03/2020 2:00
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	78	04/03/2020 3:50
Muralla	LOUSAME	A Coruña	71	01/03/2020 0:30
Labrada	ABADÍN	Lugo	70	01/03/2020 13:50
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	68	01/03/2020 1:40
Guitiriz-Mirador	VILALBA	Lugo	67	01/03/2020 14:00
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	67	03/03/2020 2:00
Marco da Curra	MONFERO	A Coruña	66	01/03/2020 16:00
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	65	04/03/2020 13:20

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de marzo de 2020.

6.4. Evolución da precipitación en marzo de 2020

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2020 para esta serie foi 133 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2020 para marzo.

A anomalía media das precipitacións para este mes de marzo en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 40% por enriba do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como húmido, tendo en conta o conxunto da Comunidade.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en marzo, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior aos 100 km/h. Foron maioritariamente os días 1 e 2 do mes cando se rexistraron os refachos máis forte de vento, superiores aos 120 km/h, en localidades das catro provincias galegas, asociados á borrasca Karine que afectaba a toda a Comunidade. A porcentaxe de calmas foi en xeral baixa neste mes de marzo, algo maior na provincia de Ourense.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en marzo de 2020				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
02/03/2020	Xares	VEIGA (A)	Ourense	167.5
01/03/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	150.0
01/03/2020	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	143.6
03/03/2020	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	143.3
02/03/2020	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	143.1
02/03/2020	Fontaneira	BALEIRA	Lugo	135.0
01/03/2020	Serra Vacaloura	PORTOMARÍN	Lugo	130.4
01/03/2020	San Nomedio	NEVES (AS)	Pontevedra	130.2
02/03/2020	Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	129.5
02/03/2020	Castro Vicaludo	OIA	Pontevedra	123.4
01/03/2020	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	121.3
02/03/2020	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	120.1
01/03/2020	Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	119.1
29/03/2020	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	115.4
02/03/2020	Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	115.0
05/03/2020	A Pontenova	PONTENOVA (A)	Lugo	114.4
01/03/2020	Corno do Boi	FRIOL	Lugo	112.8
01/03/2020	Santiago-EOAS	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A Coruña	109.8
01/03/2020	Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	109.1
02/03/2020	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	107.9
02/03/2020	Malpica	MALPICA DE BERGANTIÑOS	A Coruña	107.5
02/03/2020	Ons	BUEU	Pontevedra	107.4
02/03/2020	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	106.0



Refachos máximos superiores aos 100 km/h en marzo de 2020				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
01/03/2020	Amiudal	AVIÓN	Ourense	106.0
01/03/2020	Río do Sol	CORISTANCO	A Coruña	105.0
02/03/2020	Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	104.9
03/03/2020	Burela	BURELA	Lugo	104.7
01/03/2020	Serra do Faro	RODEIRO	Pontevedra	104.5
03/03/2020	Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	103.8
02/03/2020	Porto de Vigo	VIGO	Pontevedra	103.7
02/03/2020	Sálvora	RIBEIRA	A Coruña	102.9
02/03/2020	Illas Cíes	VIGO	Pontevedra	102.6

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de marzo de 2020.



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
A Gándara	Vimianzo	121.3	E	3	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN A Gándara (10153) # 01/03/2020 a 01/04/2020</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) A Gándara (10153) # 01/03/2020 a 01/04/2020</p>
		Día 1				
Serra Faladoira	Ortigueira	103.7	E	5	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Serra da Faladoira (10097) # 01/03/2020 a 01/04/2020</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Serra da Faladoira (10097) # 01/03/2020 a 01/04/2020</p>
		Día 3				
Malpica	Malpica	107.6	E	4	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Malpica (10093) # 01/03/2020 a 01/04/2020</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Malpica (10093) # 01/03/2020 a 01/04/2020</p>
		Día 2				
Marco da Curra	Monfero	96.1	E	4	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Marco da Curra (10046) # 01/03/2020 a 01/04/2020</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Marco da Curra (10046) # 01/03/2020 a 01/04/2020</p>
		Día 1				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de marzo de 2020 na provincia de A Coruña.



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	143.3	N	6	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Penedo do Galo (15194) # 01/03/2020 a 01/04/2020</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Penedo do Galo (15194) # 01/03/2020 a 01/04/2020</p>
		Día 3				
Ancares	Cervantes	150.1	NE	8	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Ancares (10062) # 01/03/2020 a 01/04/2020</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Ancares (10062) # 01/03/2020 a 01/04/2020</p>
		Día 1				

Táboa 11: Resumo vento no mes de marzo de 2020 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Serra do Eixe	A Veiga	108.0	NE	14	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Serra do Eixe (10116) # 01/03/2020 a 01/04/2020</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Serra do Eixe (10116) # 01/03/2020 a 01/04/2020</p>
		Día 2				
Rodicio	Maceda	96.5	NE	12	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Alo do Rodicio (10057) # 01/03/2020 a 01/04/2020</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Alo do Rodicio (10057) # 01/03/2020 a 01/04/2020</p>
		Día 1				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Baltar	Baltar	85.0	E	30	<p>INTENSIDADES PONDEDARAS COA DIRECCIÓN Baltar (10110) # 01/03/2020 a 01/04/2020</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Baltar (10110) # 01/03/2020 a 01/04/2020</p>
		Día 2				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de marzo de 2020 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	129.6	E	10	<p>INTENSIDADES PONDEDARAS COA DIRECCIÓN Fornelos de Montes (10086) # 01/03/2020 a 01/04/2020</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Fornelos de Montes (10086) # 01/03/2020 a 01/04/2020</p>
		Día 2				
Ons	Bueu	107.3	NE	6	<p>INTENSIDADES PONDEDARAS COA DIRECCIÓN Ons (10126) # 01/03/2020 a 01/04/2020</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Ons (10126) # 01/03/2020 a 01/04/2020</p>
		Día 1				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de marzo de 2020 na provincia de Pontevedra.



8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de marzo de 2020.



8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou 1264 raios neste mes de marzo. Estes raios foron detectados principalmente na terceira semana do mes, maioritariamente nas xornadas do 19 e do 21 (Figura 15), cando a entrada de aire frío en altura provocou a aparición de fenómenos tormentosos en moitos puntos da Comunidade.



Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en marzo de 2020.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias. Como se pode ver na Figura 16 destaca Lugo, que rexistrou o 70% dos raios totais caídos neste mes de marzo.



Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en marzo de 2020.



Na figura 17 pódese ver o número total de raios rexistrados en marzo en Galicia dende o ano 2010 ao 2020. Nesta gráfica pódese observar como este ano é o segundo marzo que presentou máis raios dende que existe a rede de detección de datos, superado só polo mes de marzo do ano 2018.



Figura 17: Número total de raios rexistrados en marzo dende 2010 a 2020.

MeteoGalicia
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Xunta de Galicia



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 3

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
Lugo																											
A Pontenova	9.3	14.02	20.9	18	6.1	0.7	31	154	30.9	5	**	84	98	62	39	144	1139	17	114	5	**	**	**	**	15	0	
Abradelo	8.1	13.53	20.7	11	4.0	-1.2	31	111	29.8	5	**	75	93	52	50	185	1374	**	**	**	**	**	**	**	13	2	
**Alto do Faro	7.2	12.15	18.9	11	3.5	-2.3	31	156	38.2	5	**	78	91	54	**	**	**	9	63	2	921	**	**	**	12	3	
**Alto do Poio	4.8	9.14	16.7	11	1.3	-5.9	31	154	45.0	5	**	78	95	54	**	**	**	12	85	2	**	**	**	**	12	10	
Ancares	5.2	9.73	18.6	11	1.5	-5.6	31	127	28.8	5	--	74	92	52	51	189	1432	18	150	1	864	**	**	**	14	10	
**Borreiros	11.0	14.95	19.2	11	7.2	2.2	28	167	38.0	5	105	83	97	66	37	136	1070	6	56	3	1011	**	**	**	15	0	
Bóveda	9.9	17.56	25.4	11	4.2	-1.6	27	92	17.4	5	10	77	95	47	55	203	1461	6	58	16	967	**	**	**	12	4	
Burela	9.0	11.78	17.5	10	6.8	1.5	31	97	23.5	5	39	85	95	70	40	145	1139	17	104	3	968	**	**	**	13	0	
Campus Lugo	9.5	15.88	22.9	19	4.7	-0.9	28	130	29.0	1	56	82	99	52	49	181	1383	6	66	2	971	**	**	**	14	2	
Castro R. de Lea	9.0	14.8	21.8	11	4.9	-0.9	28	127	22.2	5	**	85	98	59	49	180	1333	**	**	**	**	**	**	**	10	1	
Conchada	9.2	15.8	23.8	11	4.6	-0.7	31	92	23.1	5	**	80	96	57	50	186	1387	**	**	**	**	**	**	**	11	2	
Corno do Boi	7.7	12.56	19.4	19	4.3	-0.9	31	201	43.8	1	141	85	98	62	49	180	1256	15	112	1	**	**	**	**	14	1	
Cospeito	8.8	14.45	21.6	11	4.5	-1.4	26	157	32.5	1	95	88	100	61	45	167	1287	9	65	1	**	**	**	**	13	2	
Courel	8.2	14.41	22.5	11	3.6	-1.2	31	168	36.1	5	90	74	93	49	50	187	1392	9	94	2	928	**	**	**	14	4	
Fontaneira	6.6	11.21	18.6	18	3.1	-2.4	31	169	46.3	5	--	78	96	55	47	175	1249	21	135	2	904	**	**	**	13	5	
Foz	10.5	14.04	19.5	10	7.2	2.4	28	83	18.8	1	15	80	92	65	37	137	1136	13	95	1	1010	**	**	**	12	0	
Fragavella	7.5	11.37	18.3	18	4.0	-0.3	28	174	41.2	1	118	88	98	68	44	163	1196	15	90	3	948	**	**	**	19	3	
Guitiriz-Mirador	7.8	12.38	19.6	18	4.5	-0.3	31	202	45.8	1	142	86	98	64	47	175	1242	11	73	1	938	**	**	**	13	2	
**Labrada	7.5	11.11	19.0	19	4.5	-0.2	30	274	60.1	1	218	86	98	68	42	153	1182	11	62	1	**	**	**	**	18	2	
**Lanzós	8.1	13.58	21.6	19	3.1	-3.7	26	144	40.3	1	**	85	97	63	**	**	**	6	58	31	962	**	**	**	14	4	
**Lourenzá	10.7	15.35	22.1	10	6.7	0.3	28	141	36.4	1	**	82	96	63	**	**	**	6	66	4	**	**	**	**	15	0	
Marroxo	9.1	14.48	21.6	11	5.2	-0.7	31	80	18.2	5	10	79	94	55	47	174	1254	10	89	2	943	**	**	**	12	2	
**Míllara	10.5	18.11	25.5	11	5.6	0.5	27	110	26.0	1	**	80	98	49	**	**	**	6	70	1	**	**	**	**	12	0	
Monforte	10.5	17.83	25.1	11	4.9	-2.0	31	81	23.3	1	6	80	99	46	47	161	1330	4	53	1	**	**	**	**	12	6	
**Morelle	9.3	16.21	23.2	11	3.8	-2.8	27	90	16.2	5	26	84	99	54	41	151	1210	5	47	2	969	**	**	**	12	5	
O Cebreiro	5.1	11.03	19.1	11	1.0	-5.8	30	134	35.7	1	34	80	97	56	48	177	1367	14	120	2	869	**	**	**	12	11	
O Xipro	7.7	13.18	20.4	11	3.9	-1.0	31	154	24.8	5	88	85	100	57	51	186	1366	13	81	5	926	**	**	**	15	4	
**Olveda	8.2	13.97	21.1	11	3.8	-2.3	31	124	30.0	5	53	82	97	57	51	188	1411	7	66	1	**	**	**	**	12	4	
Pedro Murias	11.4	14.42	19.7	4	8.4	3.3	31	82	21.4	5	--	84	97	71	38	140	1090	13	79	3	1013	**	**	**	13	0	
Penedo do Galo	7.7	10.78	16.1	18	5.5	0.6	31	135	24.4	1	86	89	99	73	39	144	1120	29	143	3	**	**	**	**	15	0	
Pol	8.0	13.47	20.6	19	4.3	-0.2	31	139	27.1	5	**	85	99	60	47	175	1309	**	**	**	**	**	**	**	14	1	
Portomarín	9.3	15.9	23.6	11	4.3	-1.2	27	103	21.0	1	**	83	99	55	49	181	1387	**	**	**	**	**	**	**	12	3	
Riotorto	10.1	14.89	22.1	19	6.6	1.2	28	161	37.9	5	100	92	100	71	43	157	1257	8	73	5	**	**	**	**	14	0	
Sambreixo	8.4	14.02	21.3	19	3.9	-2.2	28	158	37.1	1	**	86	99	60	50	185	1336	**	**	**	**	**	**	**	13	4	
**San Clodio	10.5	17.98	24.4	11	4.8	-2.1	31	89	17.6	5	**	80	99	47	**	**	**	3	55	2	988	**	**	**	9	3	
**San Fiz	10.1	16.1	23.4	11	5.6	0.7	27	84	18.9	5	5	79	95	53	49	179	1417	5	47	5	972	**	**	**	11	0	
Santa Cruz	10.6	15.4	21.5	10	6.2	-0.7	28	141	38.2	5	78	85	99	64	37	136	1136	6	70	5	**	**	**	**	14	1	
Serra Vacaloura	7.7	12.85	19.8	19	4.1	-1.8	31	122	23.7	5	60	88	99	63	56	208	1464	20	130	1	**	**	**	**	13	3	

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 3

Provincia Estación	T ^o C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Ventosa	7.2	12.67	20.3	11	2.8	-2.8	27	119	23.8	5	48	78	94	55	48	179	1335	13	104	2	912	13	6		
**Vilamor	10.7	15.02	21.4	10	6.9	0.6	28	129	33.8	1	58	76	89	59	41	150	1159	7	68	5	**	13	0		
**Xabrega	10.4	17.43	23.4	11	5.4	-0.6	31	107	28.3	5	35	79	95	49	44	124	1279	5	73	1	980	12	2		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 3

Provincia Estación	T ^o C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada		
Pontevedra																										
**A Armenteira	10.0	15.01	22.6	18	5.8	0.4	27	152	39.2	3	78	83	96	62	52	193	1406	6	70	1	**		12	0		
A Granxa	11.7	18.43	25.1	18	6.1	0.4	27	138	33.6	1	56	79	97	52	55	203	1419	5	83	2	1018		11	0		
A Lanzada	12.1	16.45	23.0	18	8.6	4.3	15	77	22.6	1	-6	81	93	63	60	219	1464	17	87	2	**		12	0		
**Areas	12.1	17.79	24.1	18	7.9	1.6	31	174	51.0	1	99	89	99	66	51	188	1370	3	47	2	**		11	0		
**As Eiras	11.9	17.14	24.0	18	7.8	1.1	16	121	36.0	1	41	80	96	58	55	203	1383	5	71	2	1013		13	0		
Atios	11.6	18.18	24.6	18	6.0	0.4	27	136	43.7	5	59	86	100	58	54	199	1411	5	79	2	**		11	0		
Baiona	12.3	15.67	19.8	18	8.6	3.7	31	101	34.4	5	25	86	99	68	58	213	1442	10	85	2	**		12	0		
**Barrantes	11.5	16.35	24.2	18	7.2	1.6	16	95	24.9	5	18	81	95	61	56	205	1373	6	59	2	**		13	0		
Cabo Udra	12.3	15.97	20.8	18	9.6	5.7	31	80	25.3	1	-2	82	94	66	58	214	1473	16	87	5	**		13	0		
Caldas de Reis	10.8	15.92	23.0	18	7.1	1.7	31	161	35.9	3	84	80	94	59	47	175	1361	9	77	1	986		13	0		
**Camanzo	11.1	16.72	24.4	18	6.4	1.9	14	146	30.4	5	68	79	93	58	49	182	1365	6	84	1	994		12	0		
Cangas-Porto	12.6	15.88	21.3	18	9.6	5.9	31	89	22.1	1	**	74	87	57	**	**	**	10	81	1	**		13	0		
Castro Vicaludo	9.9	13.23	19.8	18	7.1	1.3	31	100	26.9	5	28	84	95	67	54	200	1431	15	123	2	962		13	0		
Castrove	9.7	14.46	21.1	18	6.2	0.9	31	215	57.0	3	147	83	96	64	42	156	1277	10	73	16	967		13	0		
**Cequeliños	11.8	18.98	25.4	18	6.9	1.6	31	130	35.8	3	17	75	96	46	51	188	1398	10	74	2	**		12	0		
Corón	12.5	16.15	23.8	18	9.3	3.9	16	91	25.4	1	50	75	88	58	48	83	1413	20	89	1	1018		13	0		
**Entenza	11.8	18.23	24.7	18	7.1	0.3	31	156	40.6	1	78	81	97	56	51	188	1354	1	50	1	**		11	0		
Forcarei	8.5	13.28	19.9	18	4.5	-1.3	31	234	65.4	1	168	87	99	64	53	194	1412	16	114	2	**		13	2		
Fornelos de Montes	9.3	13.51	20.5	18	5.8	-1.0	31	250	73.0	1	171	78	93	58	55	202	1454	18	129	2	936		12	1		
Gargamala	11.7	17.58	24.8	18	7.1	1.6	16	164	46.7	3	79	79	96	53	57	209	1474	6	86	2	**		12	0		
Illas Cíes	12.5	15.53	20.8	18	10.1	5.6	31	73	21.8	1	-7	83	96	68	57	211	1454	12	102	2	**		12	0		
Lalín	9.0	14.49	21.6	18	4.8	-0.6	31	147	38.5	1	**	82	98	56	**	**	**	10	78	1	**		13	2		
**Louredo	10.6	16.14	23.1	18	6.9	1.4	31	132	31.3	5	**	87	98	66	**	**	**	3	45	2	989		12	0		
Lourizán	11.9	17.19	23.9	18	7.6	3.0	31	124	30.6	1	29	83	98	60	52	167	1393	4	62	1	1012		13	0		
**Meder	12.1	18.54	24.5	18	7.4	1.7	31	123	32.6	5	**	74	90	49	**	**	**	2	48	1	1001		11	0		
Monte Aloia	9.9	15.41	21.5	18	6.2	1.0	31	206	50.0	1	49	86	98	66	39	145	1247	8	88	1	961		12	0		
Mouriscade	8.7	15.12	21.9	18	2.9	-2.6	27	147	39.2	1	74	81	97	55	52	190	1396	5	76	1	959		12	8		
O Viso	11.7	18.65	26.6	18	7.4	1.7	31	136	41.7	1	-	74	91	51	-	-	1333	8	99	1	986		13	0		
Ons	11.7	14.66	19.1	18	9.2	3.9	31	75	25.4	1	-7	79	90	65	63	215	1480	21	107	2	1004		11	0		
**Pé Redondo	12.1	16.63	24.0	18	8.6	3.6	31	109	27.0	1	39	81	94	62	47	174	1209	3	57	1	**		12	0		
**Ponte Caldelas	10.5	15.33	22.6	18	6.4	0.9	26	197	54.5	1	116	76	90	57	54	200	1375	9	73	2	976		12	0		
Pontevedra-Campolongo	12.9	19.29	26.1	18	8.3	3.8	16	120	31.3	3	**	76	96	50	**	**	**	4	65	1	**		12	0		
Porto de Vigo	12.8	16.84	22.0	24	9.4	3.3	31	91	20.6	5	34	79	91	65	53	130	1299	15	103	2	1018		11	0		
Rebordelo	9.8	16.03	24.2	18	4.4	-1.0	26	225	65.7	3	**	84	99	58	54	198	1370	**	**	**	976		12	2		
San Nomedio	9.6	13.74	20.2	18	6.4	-0.3	31	154	39.4	3	83	83	95	65	50	184	1352	18	130	1	**		11	1		
Sanxenxo	12.6	16.95	23.5	18	8.9	4.2	16	106	29.8	1	19	73	88	54	56	205	1436	5	67	1	1015		12	0		
Serra do Faro	6.9	11.54	18.6	11	3.3	-3.0	31	158	36.6	1	92	81	94	58	54	200	1368	20	104	1	904		14	5		
**Simes	11.9	17.03	23.5	18	7.4	2.1	27	91	24.6	1	**	80	95	60	57	211	1469	**	**	**	**		12	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 3

Provincia Estación	T ^{ao} C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
**Soutomaior	11.8	17.3	24.7	18	7.7	2.2	31	130	50.2	1	**	71	86	51	**	**	**	3	65	1	998	12	0		
**Torrequintáns	12.1	17.07	25.1	18	8.1	3.2	16	97	24.4	1	-7	82	96	64	55	204	1460	6	70	2	1010	13	0		
**Tremoedo	11.8	16.26	23.4	18	8.0	2.6	16	116	31.1	1	**	77	92	58	**	**	**	5	55	1	1010	12	0		
Vigo	12.3	16.52	22.9	18	8.8	4.1	31	108	27.1	5	**	76	90	58	**	**	**	**	**	**	**	11	0		
Vigo-Campus	10.3	13.82	20.2	18	7.4	1.8	31	163	42.0	5	82	81	94	64	59	216	1481	7	76	2	964	11	0		
Xesteiras	7.9	11.69	18.3	18	5.0	-1.2	31	264	64.0	4	**	87	97	69	**	**	**	27	119	1	**	15	2		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.